




Proxecto de creación de unha rede de custodia fluvial nas cuncas do Lérez, Ulla e Umia.





I. INTRODUCCIÓN E ANTECEDENTES

Os ríos son vitais para a supervivencia da vida no planeta tal como a coñecemos, constituíndo un dos seus bens máis prezados. Dende sempre, Galiza estivo ligada aos ríos xa que canalizan “o sangue da terra”, tal e como os denominaban os labregos e labregas. Muíños, lavadoiros, fontes, pasadoiros, etc., son elementos singulares que seguen estando presentes nos ríos como indicativos da estreita unión á vida cotiá do pobo galego. Nos dous últimos séculos, porén, a humanidade deulle as costas aos ríos contaminándoos e explotándoos de tal xeito que nalgúns casos a súa supervivencia tornouse case imposible.

A maneira de agochar esta problemática foi en moitos casos o entubamento de ríos e ribeiras, principalmente os que atravesan medios urbáns, o que supón o alonxamento definitivo das persoas con respecto a este ecosistema. O recoñecemento da importancia dos cursos fluviais, das súas marxes, dos bosques de ribeira, da fauna, do seu patrimonio cultural, así como, da problemática que sofren os ríos galegos na actualidade e a reflexión sobre as solucións polas que se debe apostar, son algúns dos obxectivos deste proxecto. Preténdese promover un programa de actividades dirixidas á poboación en xeral coa finalidade de sensibilizala cara novas formas de coñecer, actuar e comportarse ante o medio ambiente en xeral e ante os ríos en particular.

ADEGA (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza) leva máis de 5 anos promovendo o programa de educación e voluntariado ambiental, Proxecto Ríos. Este programa non contempla unicamente os ríos dende un punto de vista natural, se non que se enfoca tamén dende unha perspectiva cultural e humana, tentando destacar a importancia da integración dos sistemas fluviais nos ecosistemas humanos. A posta en marcha desta iniciativa trata de respostar a unha problemática de ámbito galego (e tamén global) como é a contaminación e o deterioro dos ríos, un dos problemas ambientais máis graves de Galiza, expresamente citado na Estratexia Galega de Educación Ambiental (EGEA en adiante)(páxina 42). No Proxecto Ríos, preténdese contribuír á búsqueda de solucións aos problemas ligados aos ecosistemas fluviais e incrementar a conciencia ambiental sobre eles, partindo do principio de participación da cidadanía, tal e como se recomenda na EGEA.

Ligada á actividade propia do Proxecto Ríos lévanse a cabo programas paralelos e complementarios, como son o Campamento de diagnóstico do río Tea (2007), o Campamento de erradicación de invasoras do Tea (2008), ou o Proxecto Ríos de Lingua e Cultura (2009) tres actuacións específicas que poden sen un referente no proxecto que aquí presentamos.



Outra experiencia ligada aos ecosistemas acuáticos terrestres, aínda que non aos ríos é o Proxecto Castieixas posto en marcha no ano 2008. Esta iniciativa de custodia do territorio ten un dobre obxectivo, a conservación dos pozos e regos de Castieixas, uns elementos singulares da paisaxe galega, e a protección destes espazos como lugares para a cría de anfibios, os vertebrados máis ameazados do planeta e dos que Galiza conta con exemplares únicos. O Proxecto “Pozos de Castieixas”, ademais de ser o único en Galiza que pon en valor estes elementos patrimoniais, ven a demostrar como a conservación do noso rico patrimonio cultural contribúe a conservación da biodiversidade.

II. DESCRIPCIÓN DA ENTIDADE PROMOTORA E ENTIDADES COLABORADORAS

A Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) é unha asociación ecoloxista democrática, independente e sen ánimo de lucro que traballa na defensa do medio ambiente galego e global do que depende a nosa calidade de vida. ADEGA avoga por un modelo de desenvolvemento ecoloxicamente sostible e socialmente xusto, sen destrución ambiental que reduza as desigualdades dentro de cada país e entre países.

ADEGA é a asociación de defensa ambiental máis activa e con maior implantación do noso país, cunha experiencia de traballo de máis de 30 anos. Centramos o noso traballo en Galicia sen por iso deixar de ter unha visión global da problemática ambiental e de exercer na medida das nosas posibilidades a solidariedade coas loitas ambientalistas de outros pobos.

ADEGA entende que a diversidade biolóxica ten o seu reflexo na diversidade cultural e que ambas deben ser preservadas. Isto supón no noso caso asumir un compromiso coa defensa da cultura e a lingua propias de Galicia.

ADEGA abrangue coa mesma paixón o ámbito de denuncia ecolóxica como o da educación ambiental, considerándoos como dúas caras dunha mesma moeda; a mellora e coidado do medio ambiente. Deste xeito ten promovido a ILP póla defensa dos nosos ríos (ano 2006), posto a exposición pública innumerables atentados ecolóxicos, denunciado agresións medioambientais, traballado en cuestións de xénero (A Muller e o Coidado do Contorno Natural), promovido un modelo alternativo de tratamento dos residuos caseiros (Compostaxe Caseira), apostado pola eficiencia enerxética (Fogares Verdes), posto en marcha programas de voluntariado ambiental, desenvolvido un proxecto tecnolóxico e educativo de depuración natural de augas residuais, etc.



ADEGA forma parte da Federación Ecoloxista Galega (FEG) que agrupa á maioría das asociacións ecoloxistas galegas, da Oficina Europea do Ambiente (OEA), a federación constituída polas organizacións de defensa do ambiente máis importantes da Unión Europea, da Federación Transporte e Medio Ambiente Europea, da Plataforma Nunca Máis, da Coordinadora para a Defensa dos Ríos (COGADER) e da Coordinadora para o Estudio dos Mamíferos Mariños (CEMMA).

ADEGA recibiu, por parte da Agencia Tributaria, o recoñecemento da entidade de carácter social, quedando así exenta do Imposto sobre o Valor Engadido (I.V.E.) baixo o amparo do artigo 20. Tres da Lei 37/1992, de 28 de decembro do Imposto sobre o Valor Engadido (B.O.E. 29/12/1992) e o real Decreto 1624/1992, de 29 de decembro, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre o Valor Engadido.

Asociación Cultural “O Fervedeiro”.

É un colectivo creado para reivindicar e traballar pola defensa da cultura e a lingua, do medio ambiente, das liberdades acadadas e por acadar, etc...

As actividades desenvolvidas abranguen temáticas sociais, culturais e ambientais, contribuíndo a dinamizar e organizar actividades no concello de Cuntis. A asociación nace no ano 2006 e dende a súa constitución, apoian diversas actuacións e reivindicacións doutros colectivos e organizan xornadas e charlas con diferentes temáticas no seu concello.

A asociación tenta poñer en valor os recursos humanos e naturais de Cuntis, traballando pola defensa do río Gallo, denunciando vertidos, propoñendo a persoeiros ilustres da vila para o Día das Letras Galegas como Xohán Xesús González, etc...

A Asociación Cultural “O Fervedeiro” reivindica a liberdade dos pobos e das ideas, a vitalidade de todas e cada unha das culturas do mundo, denuncia calquera tipo de acto violento en favor da imposición de ideas e ideais, e aposta por un mundo no que todas as nacións, todas as razas, todas as linguas, todas as culturas,... teñan cadanseu espazo lexítimo de vida e desenrolo en harmonía coas restantes irmás.

A Xesteira

“A Xesteira” é unha entidade sen ánimo de lucro rexistrada como Asociación por un grupo de mozos e mozas da parroquia de Couso (concello de A Estrada) no ano 1996. Estes mozos e mozas xa se viñan xuntando anos atrás para promover actividades



no ámbito da xuventude e para participar na vida sociocomunitaria e cultural da parroquia e arredores.

Entre os fins principais da asociación está a dinamización da vida no ámbito da xuventude, tomando como elementos centrais:

- a creación dun espazo para que os mozos desenvolvan as súas ideas
- a formación para a participación
- a promoción de hábitos de vida saudables
- a promoción da cultura tradicional
- o coñecemento e defensa do medio ambiente
- e a animación sociocultural en xeral

A asociación realiza actividades diversas desde a súa creación, con un alcance territorial variable (desde local ata autonómico) das que podemos destacar as seguintes pola súa continuidade no tempo:

- *As Nosas Músicas*; encontro anual de música e cultura galega organizado desde 1996 que presenta espectáculos culturais diversos (musicais, teatrais, de animación de rúa, formación no campo da cultura galega, etc.).
- *Cultura do Outono*, integra actividades para a promoción da vida cultural e veciñal que contribúen á vinculación co medio, cos lugares e coa lingua.
- Cursos formativos que versan sobre temas varios.

Asociación pola defensa do Val do Liñares

A Asociación pola Defensa do Val do Liñares creouse no 2006 para coñecer, defender e promover os valores naturais e culturais do Val do río Liñares. Esta asociación nace para defender este entorno da implantación dun polígono sectorial, xa que a súa ubicación é inviable e incumpre a normativa vixente. Entre os fins que persegue a asociación destacan:

-Denunciar as agresións ambientais e as actuación públicas ou privadas que poidan supoñer un deterioro dos valores naturais, culturais e en xeral da calidade de vida do Val do Liñares.



- Recuperación e aproveitamento do entorno natural, cultural e arquitectónico.
- A realización de obras e instalacións de interese xeral para o Val de Liñares e a xestión e administración do funcionamento das mesmas, cando non corresponda por norma legal ou reglamentaria a outros organismos.
- Promoción de actividades adicadas á conservación do medio ambiente
- Colaborar coas entidades públicas ou privadas en todas aquelas iniciativas destinadas a difundir os valores defendidos pola asociación
- Fomentar e mellorar as relacións entre as persoas da localidade.

Na súa andadura, esta asociación tivo diferentes reunións con organismos públicos e privados para defender a o Val do Liñares e denunciar as ilegalidades cometidas neste entorno.

Dentro das actividades levadas a cabo tamén destacan os diferentes roteiros realizados polas beiras do río Liñares; a participación no *Proxecto Ríos*, incluíndo unha recollida de lixo das marxes dentro do programa *Ponte as Botas*; e cursos impartidos de sensibilización ambiental, aforro ecolóxico...

Asociación Verbo Xido

A Asociación 'Verbo Xido' nace no mes de maio de 2001 coa finalidade de promover actividades de tipo cultural, etnográfico e medioambiental nos concellos de Cerdedo, Forcarei, Beariz e resto dos territorios que compoñen historicamente a bisbarra de Terra de Montes.

Entre os seus obxectivos é de salientar a promoción, potenciación e desenvolvemento do Centro Etnográfico de Terra de Montes (CETMO), domicilio social da Asociación.

III. DESCRIPCIÓN DAS COMARCAS E DOS ENTORNOS FLUVIAIS

A comarca de Caldas está situada no extremo noroeste da provincia de Pontevedra, linda ao norte coa provincia da Coruña, polo leste coa comarca Tabeirós-Terra de Montes, polo sur coa comarca urbana de Pontevedra e polo oeste co Salnés e a ría de Arousa. Está formada polos concellos de





Caldas de Reis, Catoira, Valga, Moraña, Cuntis, Pontecesures e Portas e abarca un total de 289 Km², cun total de 35.000 hab.

As augas de dous ríos, o Ulla polo norte e o Umia un pouco máis ao sur, identifican a estas terras percorréndolas nos seus tramos finais para aportar o seu caudal á ría de Arousa, á que se asoma a comarca polo municipio de Catoira.

O río Ulla, que establece polo norte o límite natural coa provincia da Coruña, forma na súa desembocadura un fermoso esteiro que se inclúe no espazo natural denominado "Sistema fluvial Ulla-Deza", de elevado interese xeolóxico, botánico, faunístico e paisaxístico, que lle teñen válido a súa inclusión como Lugar de Importancia Comunitaria na proposta de Rede Natura 2000 ou a declaración como Zona de especial protección dos valores naturais. Cabe destacar entón o municipio de Catoira, no cal desemboca o río Ulla e onde sempre se mostrou un especial interese en rehabilitar todo o que teña relación co río Ulla e os seus afluentes, dado que son unha das maiores riquezas do municipio, tamén é o único concello de Galicia que posúe exemplos dos tres tipos de muíños tradicionais.(de mareas, de río e de vento).

Ademais do seu elevado valor etnográfico, habería que destaca-lo seu emprazamento en lugares de gran beleza paisaxística, polo que xa fai anos se iniciou un plan de recuperación dos mesmos coa restauración da maioría dos muíños de vento existentes, completándose coa restauración do resto dos muíños e o trazado de Rutas de sendeirismo: Río Catoira, Rego de San Cibrán e o Paseo Fluvial.

O río Catoira é a arteria fluvial máis importante do municipio do mesmo nome, despois do Ulla. Tanto o río Catoira coma o seu afluente, o rego de San Cibrán, nacen nas faldas do monte Xiabre, no corazón da península do Salnés, a máis de 600 metros de altitude. As sendas seguen o cauce destes dous arrosios ó longo dun trazado de 11 Km. de lonxitude, dende o seu tramo alto, na ermida de San Cibrán, ata o Ulla, fronte ó illote das telleiras, atravesando as parroquias de Dimo e Catoira.

Podemos atopar tanto unha paisaxe forestal nas partes altas da senda, con abundancia de piñeiros e eucaliptos, ata as fértiles veigas de Aragunde, Barral ou Tarrío, con cultivos de millo, patacas e vides, acompañados sempre polo bosque de ribeira que medra nas beiras do río Catoira. Este tipo de bosque, coa súa abundancia de salgueiros, amieiros e carballos, e os arrosios de limpas augas, son os auténticos protagonistas deste sendeiro. Os bosques de ribeira son unha peculiar formación forestal que se desenvolve na beira dos regatos e outras zonas húmidas, proporcionando sombra e un ambiente fresco, de gran importancia para a flora e a fauna do río.

No mapa adxunto representamos as principais redes hidrográficas do concello, que van modelando a superficie.

No **curso medio** os ríos modelan vales máis amplos nos que deixan depósitos en zonas planas: As chairas de inundación. Estas chairas son mais extensas en Oeste (no curso do Rego de Pozas) e en Dimo e Catoira (no curso do río Catoira e algúns afluentes). En Abalo, os ríos Freixeiro e Souto da Vila non chegan a crear chairas de inundación de superficie comparable.

No **curso baixo**, a pendente pola que van estes ríos redúcese fortemente. As augas vense freadas ó confluír coas do Ulla e polo tanto a corrente perde enerxía. Nestas circunstancias depositanse os materiais mais finos: limos e arxilas que dan lugar ás zonas de xunqueira correspondendo as máis importantes coa desembocadura do Rego de Pozas e do Río Catoira.


Tamén queda sinalada a posición dos mananciais máis importantes, por onde saen ó exterior as augas acumuladas nas zonas onde o granito está fracturado. Ás veces na súa viaxe subterránea cárganse de partículas minerais, como as fontes de As Torres e Laxiñas, de augas sulfurosas, indicadas para problemas da pel.

Cara ao sur, cunha traxectoria case paralela, o río Umia, procedente de Tabeirós-Terra de Montes, visita a vila de Caldas para penetrar no Salnés.

Entre ambos cursos elévanse unha serie de pequenos resaltes orográficos, que actúan de divisoria de augas, destacando cara o leste os Montes Xesteira, cunha altitude que rolda os 700 metros, e cara o oeste o Monte Xiabre, constitúe un magnífico miradoiro sobre a ría de Arousa.

Con respecto a súa historia, esta comarca destaca pola súa presenza romana, atraída a estas terras polas augas quentes -caldas- das que deriva o seu topónimo e polas que se fundaron as vilas de *Aquae Celenae*, descrita no itinerario de Antonino, orixe do núcleo actual de Caldas de Reis, e *Aquae Calidae*, actual Cuntis, outra importante vila termal. Desta época tamén data a construción da ponte que unía as dúas marxes do Ulla en Pontecesures.

Pola súa localización, a medio camiño entre o interior e a costa, Caldas ofrece un amplo abano de posibilidades e atractivos turísticos que van dende a riqueza natural e paisaxística dos seus ríos, os seus bosques, etc., até un rico patrimonio histórico-





monumental e arqueolóxico, pasando pola súa gastronomía, as súas festas e, sobre todo, polas súas augas termais, coñecidas xa polos romanos e que a converten nun dos principais enclaves de turismo termal de Galicia. Un bo punto de partida para gozar das numerosas posibilidades que nos oferta a comarca, constitúeo a vila de **Caldas de Reis**, situada nunha antiga encrucillada de camiños, á beira dos ríos Umia e Barbantes. Vila termal por excelencia, xunto con **Cuntis**, os seus dous balnearios situados en ambas marxes do Umia inician a súa actividade hai xa 200 anos, respondendo a súa construción ao estilo da arquitectura da auga galega, na que predominan as grandes galerías con cristaleiras. Tamén forma parte deste conxunto unha excepcional carballeira, de flora centenaria, que ocupa unha extensión de 23.200 metros cadrados, situada na marxe dereita do río Umia, onde os carballos, a pequena cascada e a praia fluvial forman un fermoso conxunto.

O concello de **Moraña** ofrece paisaxes de gran beleza nas ribeiras do Umia, na Fervenza do río Cornide ou nos miradoiros naturais dos montes de Acibal, Castrelo ou Ardegán.

Cara ao norte o concello de **Valga** tamén ofrece fermosas paraxes ribeireñas como son a Fervenza do río Valga ou a praia fluvial de Vilarello-Cordeiro no río Ulla. Tamén de especial singularidade é o Vía Crucis do Ulla, moi vinculado á Ruta Xacobeana do Mar de Arousa e no que as cruces se suceden ao longo do canle do río, dende o concello de Vilagarcía até ao de **Pontecesures**, orixinando unha sobrecolledora paisaxe que se contempla perfectamente dende os miradoiros de **Catoira**.

A Comarca de Tabeirós-Terras de Montes está situada no norte da provincia de Pontevedra, entre as terras do Deza polo leste e as comarcas litorais polo oeste, ocupando unha extensión de 529 km, formada por tres concellos **A Estrada, Cerdedo e Forcarei**, contando con 29.141 hab. É unha comarca de contrastes entre os fértiles vales das terras de Tabeirós e as máis agrestes, pero non menos fermosas, Terras de Montes.



As Terras de Tabeirós descendem cara ao norte, na busca do val do río Ulla, que establece o límite natural coa provincia da Coruña. Mentres que o conxunto montañoso de Terra de Montes, ao xeito de anfiteatro, pecha a comarca polo sur e o leste, con altitudes que roldan os 1.000 metros no Monte Seixo, Montes do Testeiro, Serra do Candán e estribos do Monte Chamor, onde teñen o seu nacemento os ríos Umia e Lérez que, xunto co Ulla, constitúen unha densa rede hidrográfica de especial singularidade paisaxística.



Tabeirós é terra de paso dende tempos dos romanos, pois por aquí pasaba unha vía secundaria que ía dende o Ulla, en Pontevea, até aos baños de Cuntis. Tamén foi lugar de paso dos peregrinos que se dirixían a Santiago e dos arrieiros que viñan do Ribeiro, así como dos viaxeiros que ían cara á costa e dos comerciantes casteláns e leoneses ou das xentes que frecuentaban as augas termais dos Baños de Cuntis.

Como na boa parte do medio rural galego, na Comarca de Tebeirós-Terra de Montes, asístese dende hai algúns anos a un proceso de diversificación económica no que os sectores non agrarios adquiren un papel protagonista. O sector primario baséase na agricultura desenvolvida nos abrigados vales do Ulla e do Umia, onde se cultivan flores, hortalizas, legumes, e froiteiras como maceiras, pereiras ou meixoeiros, vide, kiwis, etc. Alí onde as condicións son máis adversas, o subsector gandeiro cobra unha maior importancia con explotacións de bovino de orientación mixta (láctea e cárnica), actividade predominante nos dous municipios máis montañosos: Cerdedo e Forcarei.

Dentro do concello da Estrada hai que resaltar os contornos do val do río Liñares, a súa desembocadura no río Ulla e o seu curso augas arriba. Varias pontes os atravesan: a Pontevea sobre o Ulla e as de Lagartóns e Paradela sobre o Liñares. Estes ríos, antano aproveitados por numerosos muíños, son ademais moi frecuentados pola súa riqueza piscícola en troitas e salmón, destacando os coutos salmoeiros de Sinde, Couso e Ximonde.

Cara ao sur, no límite entre A Estrada e Forcarei atópase as Brañas de Xestoso que están declaradas dentro da Rede Natura 2000 como un LIC (Lugar de Importancia Comunitaria). Están situadas entre o límite dos concellos da Estrada, Silleda e Forcarei.



Dentro deste espazo destacan a Lagoa Sacra de Olives, unha das escasas lagoas naturais de montaña da provincia de Pontevedra. É estacional e está situada ao sur do Monte San Sebastián nunha superficie de cumes cuxa altitude rolda os 700 metros. O seu emprazamento, así coma o que non haxa ríos que a alimenten, deu lugar a múltiples lendas sobre a súa orixe, incluso obxecto dun estudio polo etnógrafo Fermín Bouza Brey. Ubícase exactamente no lugar de Valadares (Meavía), xusto no límite setentrional da Terra de Montes, e cobra ademais interese arqueolóxico por estar próxima a unha zona de enterramentos: as mámoas de Boimorto, que merecen especial atención, así como as turbeiras como ecosistema escaso de Galicia, ben representado polo seu valor ecolóxico.



FLORA

- Na zona de brañas aprécianse brións ou musgos, violetas, o xunco de algodón ou o trevo das pozas.
- Inclúe unha zona de monte baixo, con especies como o toxo, carrouchas, queirugas, pereiras bravas, carqueixa boieira e gramíneas como a coñecida como pelo de raposa.
- Tamén observamos un bosque caducifolio onde dominan carballos, bidueiros e castiñeiros. No estrato arbustivo dominan acivros, fentos e bidueiros novos.

FAUNA

- Nas brañas e nos regatos abundan os anfibios como o sapiño troiteiro, a rá patilonga, o tritón común e a **rá de San Antón**.
- Réptiles; coma a cobra de auga ou a lagartixa galega.
- Das aves destacan a rapina cincenta, os miñatos, falcóns e sobre todo o **sisón**, onde cría unha pequena poboación, ave característica de hábitats esteparios que se encontra en perigo.

Dende esta lagoa penetramos xa nunha paisaxe máis agreste e montañosa, a Serra do Candán, onde teñen o seu nacemento os ríos Lérez e Umia, cuxo valor paisaxístico levou á súa declaración como espazo natural protexido.

O curso do río Lérez, que discorre ao sur destes montes de Sabucedo tamén nos depara fermosos emprazamentos como a cascada que se orixina na confluencia do Quireza con este río ou os contornos naturais que se suceden ao longo da ruta de sendeirismo “Pontes do Lérez”, en alusión ás numerosas pontes, moitas delas medievais, polas que discorre dita ruta.

Para destacar a importancia da rede fluvial que engloba esta comarca, ao igual ca de Caldas, cabe sinalar que dentro das súas festas, resulta de interese a celebración do entroido no que os “Xenerais do Ulla”, ataviados con coloristas vestimentas, percorren as aldeas das ribeiras deste río para se enfrontar en batallas dialécticas e enxeñosas e sarcásticas alocucións.

IV. MARCO DO PROXECTO E XUSTIFICACIÓN DAS ACTUACIÓNS

Nas seguintes páxinas presentaremos un proxecto que pretende achegar solucións ao problema plantexado, á deterioración dos ecosistemas fluviais, empregando novas ferramentas de participación e xestión do medio, nomeadamente a custodia do territorio. A cesión de parcelas en custodia do territorio é unha nova e crecente estratexia de conservación, que fomenta a participación e pon en contacto a



diferentes actores e fainos partícipes dun proxecto común: a conservación da nosa paisaxe e do noso patrimonio natural e cultural. Así mesmo, o proxecto pretende poñer en valor os ríos como espazo fundamental para un desenvolvemento endóxico e sustentábel. Os ríos das dúas comarcas poden e deben ter un papel fundamental no desenvolvemento destas e recupera a importancia que tiveron noutros tempos.

Atendendo ás diferentes realidades dos ecosistemas fluviais galegos, neste caso as comarcas que arriba describimos, dende ADEGA deseñamos un programa de intervención que faga partícipe tanto a veciños que viven neste territorio como a aqueles cidadáns que alonxados deste medio pero sensibilizados desexen colaborar nesta iniciativa. Tanto propietarios, veciños das comarcas, como aqueles outros que herdaron terras e que non manteñen esta actividade por que viven e traballan fora, poden participar neste programa tanto nas actividades de voluntariado ambiental como mediante a custodia do territorio, ambos coa finalidade de mellorar a conservación da natureza e da biodiversidade. Os acordos de custodia adecuaranse ás circunstancias dos proxectos específicos así como as necesidades do mesmo segundo a vontade das partes, as súas necesidades, o grao de implicación, compromiso e motivación, etc. Deste xeito poderán ser acordos sen transmisión da propiedade. Dentro desta última existen diferentes versións: acordos verbais, contrato ou convenio de custodia, cesión ou adquisición de dereitos, servidumes de conservación, usufruto ou contrato de arrendamento. Tamén con transmisión da propiedade, incluíndo modelos como a compra-venda, a doazón, o legado ou a permuta.

A custodia do territorio permite velar pola conservación dos valores dun territorio, tanto se ten unha figura de protección designada pola administración como se carece dela. O feito de que a poboación implantada nas áreas a custodiar sexa a protagonista da propia acción serve de pulo para a activación social e posibilita a implicación e identificación co proxecto así como o empoderamento das persoas e entidades participantes. A xestión planificada do territorio será o instrumento que permita vixiar as ameazas que poidan afectar ás áreas custodiadas e que presta atención ao mantemento dos valores naturais, culturais e patrimoniais intrínsecos. O proxecto permitirá así mesmo a creación de redes, tomando como modelo a rede que conforman os ríos na paisaxe galega para asentar nas comarcas de Caldas e Terras de Montes un entramado social en torno aos ríos que asegure un coidado do contorno e un desenvolvemento rural endóxico.

Os territorios custodiados teñen vocación así mesmo de ser exemplo de que unha boa estratexia de conservación non entre en conflito coa expansión de actividades económicas; pola contra, os bens e a riqueza dos territorios custodiados gañan en recoñecemento e aumentan as súas posibilidades de desenvolvemento.

As partes implicadas no acordo de custodia do territorio veranse beneficiadas polo



recoñecemento social, a satisfacción persoal, a aprendizaxe mutua, así como pola posibilidade de asesoramento da entidade de custodia ou pola posibilidade de obtención de vías de financiamento (LIFE, FEOGA,...).

Referíndose á relación entre participación cidadá e conservación, Ricardo de Castro apuntaba que “É crucial fomentar a creación de espazos que fagan posíbel a participación cidadá, o contacto directo cos problemas e tamén a súa aplicación real nas solucións”.

ADEGA ten unha extensa experiencia na creación destes “espazos” que pretenden implicar ás persoas na conservación do medio, implementando programas de educación ambiental, voluntariado ambiental, custodia do territorio, etc. Ademais, ADEGA ten participado noutras iniciativas de custodia en Galiza como son o Proxecto Ríos e o Proxecto Pozos de Castieixas, as experiencias do Alto Ulla-Deza, que dende o ano 2007 funciona activamente pondo en valor as terras custodiadas polas Fundacións Comarcais da Ulloa e de Deza; como son o bosque de sobreiras, o río Arnego, os recursos produtivos (cogomelos, madeira, cortiza...), o entorno natural, as actividades cinexéticas, etc. Tamén a asociación Cultural-Ecolóxica Ridimoas traballa no comarca do Ribeiro centrándose na eliminación de flora invasora (*Acacia dealbata* principalmente) así como na restauración dunha calzada medieval, a vixianza do furtivismo ou rozas de monte baixo.

V. OBXECTIVOS

A finalidade principal do proxecto é dar a coñecer o papel fundamental dos ríos e as súas problemáticas ambientais asociadas, fomentar prácticas e comportamentos que permitan aos cidadáns o mantemento e mellora dos cursos fluviais mediante accións que faciliten a súa participación, como é a Custodia do Territorio.

Os obxectivos xerais inspíranse nos emanados da Conferencia Intergobernamental de Tíblisi (1977), así como das recomendacións da Estratexia Galega de Educación Ambiental.

Ademais, como obxectivos específicos se asumen os seguintes:

- Fomentar un desenvolvemento rural das comarcas mediante a posta en valor dos seus recursos naturais, nomeadamente dos ecosistemas fluviais así como do patrimonio natural e cultural vencellados (material ou inmaterial).
- Contribuír ao coñecemento das principais problemáticas ambientais locais e globais, particularmente as relacionadas cos ecosistemas fluviais e poder participar na súa resolución.



- Involucrar as entidades locais e cidadáns na custodia do territorio.
- Promover relación e sinerxías entre concellos veciños, para consolidar unha recuperación integral do ecosistema fluvial.
- Crear unha rede de cidadáns que traballen de xeito coordinado e conxunto na mellora dos ríos Umia, Ulla e Lérez.
- Promover o coñecemento do patrimonio natural (fauna, flora...) e cultural (historia, etnografía...) vencellado aos ríos.
- Espertar a curiosidade sobre a interrelación de aspectos naturais, culturais, históricos, sociais, económicos, etc., e promover unha visión integral dos asentamentos de poboación e o contorno fluvial.
- Fomentar o desenvolvemento da educación ambiental a nivel local, ofertando programas de actividades para diferentes grupos sociais.
- Favorecer a incorporación do voluntariado ambiental en accións que fomenten a defensa do patrimonio natural, histórico e etnográfico.
- Capacitar ao voluntariado para colaborar en labores de recuperación do patrimonio natural e etnográfico.
- Establecer proxectos piloto de participación cidadá dos ríos Lérez, Umia e Ulla, na avaliación, toma de decisións e melloras mediante a custodia do territorio (accións de restauración e conservación).

VII. DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA

Para o desenvolvemento do proxecto unha das ferramentas de traballo fundamentais será a custodia de territorio. No marco dos acordos de custodia desenvolveranse actividades de voluntariado ambiental e educación ambiental. A metodoloxía que se empregará para levar adiante este programa será activa e participativa e os participantes das actividades serán os suxeitos da acción e non meros obxectos da mesma.

A entidade promotora (ADEGA), como ten feito na elaboración doutras experiencias, pedirá achegas e suxestións a expertos nos diferentes ámbitos de traballo que atinxen ao proxecto (investigadores, voluntariado, custodia do territorio, etc). O mesmo traballo se realizará co voluntariado. Para que sexa efectivo e asumido polos participantes presentaráselle o programa e completarse coas súas opinións e suxestións.



Unha vez rematado o programa de actuacións realizarase unha avaliación tanto do proceso como dos resultados.

O proxecto desenvolverase en catro fases. Nas dúas primeiras, que se desenvolverán nos primeiros 12 meses, fomentárase a creación de tres redes de custodia fluvial que permitan facer unha diagnose do estado de saúde dos ríos Lérez, Umia e Ulla, empregando unha metodoloxía activa e participativa e uns materiais deseñados especificamente para o desenvolvemento do programa. Crearase a súa vez unha rede de voluntarios ambientais onde as asociacións e concellos serán os principais destinatarios das actividades, actuando en calidade de socios do proxecto. Na terceira fase (6 meses) se establecerán os protocolos de actuación e se desenvolverán accións encamiñadas a alcanzar o bo estado ecolóxico dos ecosistemas fluviais e a posta en valor do seu patrimonio. En función da diagnose realizada polos voluntarios e voluntarias nas primeiras fases, estableceranse proxectos e actividades de conservación e mellora ou de restauración do patrimonio cultural, así como o marco para a realización dun proceso participativo das bacías do Lérez, Ulla e Umia (tal e como se recolle na Directiva Marco da Auga). Na cuarta fase a entidade de custodia – ADEGA– deseñará unha campaña divulgativa sobre os valores naturais e culturais así como das acción a desenvolver.

Igualmente elaboráranse materiais que permitan coñecer a veciños/as e visitantes a importancia natural destes ecosistemas fluviais así como a súa conservación para un desenvolvemento equilibrado e sustentábel das comarcas.

PRIMEIRA FASE: CREACIÓN DE REDES DE VOLUNTARIADO LOCAL NAS BACÍAS DOS RÍOS LÉREZ, ULLA E UMIA E PRESENTACIÓN DOS MATERIAIS E A METODOLOXÍA AO VOLUNTARIADO LOCAL.

Para o desenvolvemento desta primeira fase, a entidade promotora realizará contactos con diferentes axentes e entidades locais de dinamización social: asociacións, concellos, sociedades deportivas, etc. coa finalidade de dar a coñecer o proxecto e a creación das redes de cidadáns que logo desenvolverán os traballos nas bacías anteriormente citadas e que se converterán en socios do proxecto.

Unha vez establecidos os contactos e formadas as redes en cada comarca, procederase a divulgar os contidos e metodoloxía das actividades a realizar polo voluntariado. Esta divulgación farase a través de charlas – debate para que os participantes e socios do proxecto coñezan os materiais e a metodoloxía deseñados para o desenvolvemento das actividades, que se realizarán na segunda fase. Tamén se realizará unha campaña divulgativa que mediante a edición de cartaces e trípticos, de a coñecer o proxecto nas zonas onde vai ser desenvolvido.



Esta primeira fase se desenvolverá nos tres primeiros meses de execución do proxecto.

ACCIÓN 1. DESEÑO DA METODOLOXÍA E CREACIÓN DOS MATERIAIS.

A entidade promotora deseñará unha metodoloxía sinxela que lle permita ao voluntariado acometer as actividades sen que lles supoña un esforzo o seu coñecemento. Esta metodoloxía baséase no estudo das características biolóxicas e fisicoquímicas do ecosistema fluvial, empregando para elo un manual básico de inspección de ríos, fichas identificativas de flora e fauna fluvial, materiais para medir os parámetros fisicoquímicos da auga, etc. que lle permita ao voluntariado coñecer o estado de saúde do río inspeccionado. A entidade promotora proporcionará este e outros materiais aos grupos que se formen en cada bacía e que vaian a realizar as actividades que se levarán a cabo na segunda fase do proxecto.

ACCIÓN 2. CONTACTOS E FORMACIÓN DE REDES EN CADA COMARCA.

Convocaranse reunións territoriais en cada concello para explicar aos representantes das diferentes asociacións, concellos, etc. o proxecto e o calendario previsto das actividades. Estas reunións teñen como obxectivo, por unha banda a divulgación do proxecto e por outra acadar o compromiso de participación por parte das asociacións destinatarias das actividades, así como o establecemento dun calendario para desenvolver as accións futuras.

ACCIÓN 3. INFORMACIÓN PARA AS ENTIDADES SOCIAS DO PROXECTO.

Unha vez establecidos os contactos e formadas as redes que van a traballar en cada bacía, realizaranse charlas divulgativas para os socios participantes, onde se explicará polo miúdo a metodoloxía a empregar e onde o voluntariado poderá coñecer o material específico que se usará en ditas actividades. Tamén se establecerán os lugares onde se realizarán as inspeccións de río para que os resultados amosen unha imaxe real da situación ecolóxica dos ríos estudados.

SEGUNDA FASE. DIAGNOSE DO ESTADO DOS RÍOS E VIABILIDADE DE FUTURAS ACTUACIÓNS DE CONSERVACIÓN.

Nesta segunda fase, os grupos de voluntarios das entidades socias do proxecto en cada bacía, xunto coa entidade promotora, establecerán un calendario para realizar a diagnose nos seus respectivos ríos.

Estes traballos de diagnose do río son os que proporcionarán os coñecementos e as destrezas necesarios para logo poder acometer accións de mellora do ecosistema fluvial. En definitiva, é preguntarlle ao río que lle pasa.



A segunda fase desenvolverase ao longo de nove meses, onde se levarán a cabo as seguintes accións:

ACCIÓN 1. SAÍDAS DE INSPECCIÓN DE RÍO (CAMPAÑAS DE PRIMAVERA E OUTONO E IDENTIFICACIÓN DE MACROINVERTEBRADOS).

Estas saídas consisten en facer unha inspección de río co apoio da equipa técnica da entidade promotora. As actividades de diagnose faranse dúas veces durante o período de tempo establecido, unha en primavera e outra en outono.

As saídas constan de dúas partes: unha primeira na que se percorre o treito escollido e se identifican especies vexetais e animais tanto das marxes como do leito do río, realizándose tamén un esquema do treito inspeccionado. Ao longo do percorrido se aproveita para comentar diferentes aspectos relacionados cos ecosistemas fluviais, así como para contabilizar o patrimonio etnográfico e analizar os colectores que poidan aparecer no noso treito. O estudo dos colectores nos permite coñecer a tipoloxía e a posible perigosidade dos aportes que poida ter o treito inspeccionado así como tomar as medidas oportunas de denuncia ambiental cando proceda. A presenza de patrimonio nos ríos galegos é moi elevada, por iso queremos darlle unha especial relevancia ó estudo da etnografía, facendo fincapé nos usos tradicionais que posúen os nosos ríos.

Na segunda parte da inspección se escolle un punto de mostraxe representativo do treito onde faremos as análises e medicións dos parámetros fisicoquímicos e biolóxicos. Dentro dos parámetros físicos medimos a anchura da canle, a profundidade, a velocidade da corrente, as características organolépticas da auga, a temperatura e a transparencia, así como o estado do bosque de ribeira (o cal calculamos a través dun índice de calidade de ribeira) e a porcentaxe de sombra que cubre a canle. Nos parámetros químicos medimos o pH e a cantidade de nitratos e nitritos disoltos na auga. No punto de mostraxe faise tamén un estudo dos macroinvertebrados presentes no substrato do río. Estes organismos son bioindicadores, o que nos permite avaliar a calidade das augas. En función dos datos recollidos asignamos un valor representativo do estado de saúde do río inspeccionado. A escala de valores vai do 1 ao 5, sendo o primeiro un estado óptimo de saúde. O último estado indícanos que o río carece das condicións axeitadas para o desenvolvemento da vida.

ACCIÓN 2. ENCONTROS DE BACÍA.

Os Encuentros de Bacía pretenden ser o espazo de intercambio e encontro do voluntariado que está a participar nas diferentes redes do proxecto (Lérez, Umia e Ulla) e o lugar onde compartir as experiencias e as actividades que se están a desenvolver. Realizaranse un total 6 encontros (dous por bacía).



ACCIÓN 3. LIMPEZA DE RÍOS.

ADEGA organizará nos 10 concellos implicados unha campaña de limpeza de lixo nos ríos. Contactarase para a limpeza con asociacións de pescadores, culturais, ecoloxistas, de veciños, con xente particular, etc. que están a participar nas tres redes que se pretenden dinamizar. Para reforzar esta convocatoria, se editará un protocolo de actuación de limpeza de ríos para dar unhas pautas de cómo se debe facer unha limpeza ecolóxica nos ecosistemas fluviais. Neste protocolo explícase polo miúdo que facer antes, durante e despois da limpeza, así como coa “suposta maleza” que moitas veces está presente nos ríos.

ACCIÓN 4. PRESENTACIÓN DOS RESULTADOS E DO PLANO DE ACCIÓN.

Neste acto presentaranse o Informe Anual das tres bacías, que permite establecer unha radiografía do estado de saúde dos tres ríos Lérez, Ulla e Umia, en función dos datos aportados polos participantes nas dúas campañas (primavera e outono). Neste informe presentaranse tamén o plano de acción que recolle as actuacións encamiñadas a alcanzar o bo estado ecolóxico dos ecosistemas fluviais.

Este documento distribuirase a todos os grupos, as entidades colaboradoras, as administracións competentes, aos medios de comunicación e a todas aquelas persoas que o soliciten.

TERCEIRA FASE. PLANO DE ACCIÓN E EXECUCIÓN DAS ACTIVIDADES.

Na terceira fase pretendemos dar continuidade ao proxecto de diagnose realizada na segunda fase polos voluntarios e voluntarias nos ríos Lérez, Umia e Ulla, onde se estableceu o plan de acción para futuras actividades de mellora do ecosistema fluvial. Nesta fase as actuacións a desenvolver marcarán o tipo de custodia do territorio que se potenciará, así como o tipo de contrato a promover por parte da entidade custodiante (ADEGA) e os propietarios do territorio.

Durante esta fase se promoverán acordos de custodia fluvial en cada bacía, deseñándose proxectos para cada zona. Para tal motivo, ADEGA editará un manual de adopción de ríos que servirá de guía para a elaboración e o desenvolvemento de ditos proxectos de custodia. En total se realizarán tres proxectos de custodia fluvial, un en cada bacía. As actividades realizaranse ao longo dos seis últimos meses da execución do proxecto.



PROXECTOS DE CUSTODIA NA BACÍAS DOS RÍOS LÉREZ, ULLA E UMIA.

Dentro da demarcación territorial que comprenda cada bacía, o voluntariado que fixo as actividades de diagnose poderá acometer accións encamiñadas a mellorar o ecosistema fluvial, accións de posta en valor do patrimonio etnográfico, actividades divulgativas para coñecer o río, etc.

A entidade promotora fará un seguimento de todas actividades propostas e proporcionará o apoio técnico para a elaboración dos proxectos de custodia, así como para o seu desenvolvemento.

A. Accións de mellora do ecosistema fluvial.

Dentro deste tipo de actuación poderanse realizar:

- Recuperación de camiños.
- Creación de itinerarios sinalizados.
- Limpeza de ribeiras.
- Recuperación de marxes degradadas.
- Plantación de árbores de bosque de ribeira.
- Restauración de pequenas lagoas.
- Creación de coutos de pesca sen morte.

B. Accións de posta en valor do patrimonio etnográfico.

Dentro deste tipo de actuacións poderanse realizar:

- Restauración de elementos patrimoniais (pontes, pontellas, muíños,...).
- Recuperación de nomes galegos de flora e fauna fluvial.
- Recuperación de topónimos locais.
- Divulgación de elementos patrimoniais e etnográficos salientábeis.

Moitas destas accións desenvolveranse en dominio público hidráulico polo que a custodia do territorio realizaríase unicamente implicando aos concellos e á administración autonómica; sen embargo no caso de que as accións a desenvolver se realicen fora do dominio público hidráulico e polo tanto afecten a fincas particulares, realizaranse os contactos necesarios para potenciar os proxectos de custodia con



particulares, para isto nesta terceira fase deseñárase unha campaña de divulgación centrada na custodia do territorio, que permita establecer o clima necesario para potenciar ditos contratos.

Como obxectivo nos marcamos a creación de tres proxectos de custodia fluvial, un por bacía. Nesta fase a participación dos socios do proxecto (O Fervedeiro, A Xesteira, Asociación Verbo Xido, Asociación pola defensa do val de Liñares, Concello de Cuntis, Concello de Caldas de Reis, etc...), será fundamental, e a través de ditas asociacións intentarase promover proxectos de custodia fluvial. para o que se adicará unha partida orzamentaria específica.

A modo de exemplo dende a entidade promotora, presentamos tres propostas de actuación, que en función da diagnose realizada poderán modificarse.

-Realización dun roteiro interpretativo nas Brañas do Xestoso (Concello de Forcarei e Estrada).

-Recuperación de lavadoiros (patrimonio etnográfico fluvial)(río Umia, Concello de Cuntis).

-Programa de eliminación de especies exóticas Invasoras e recuperación ecolóxica de marxes degradadas (río Ulla).

CUARTA FASE. DIVULGACIÓN E PROMOCIÓN DOS PROXECTOS DE CUSTODIA.

Esta cuarta fase ten unha natureza continua e transversal ao longo do desenvolvemento de todo o proxecto (18 meses).

-Deseñárase para a campaña un cartaz e díptico informativo, así como un calendario coa programación anual.

-Para a comunicación cos socios a ferramenta principal será o e-mail.

-Crearase tamén un espazo web para o GDR-20 Ulla Umia Lérez onde recolleremos as actividades propias do proxecto, artigos divulgativos e técnicos sobre diferentes temáticas relacionadas co río.

-Realizaranse tamén envíos periódicos por correo convencional coa programación e con información xeral.

-Deseñárase un boletín electrónico mensual de bacía, que se lles enviará tanto aos participantes nos proxectos de custodia como persoas interesadas nesta temática.

-A limpeza de ríos, debido ao seu peso específico na segunda fase, presentará unha campaña divulgativa concreta. Elaborarase un cartaz divulgativo e editarase un protocolo de limpeza de ríos.



-Na acción 4 (fase 2) se realizará a presentación dos resultados das inspeccións do voluntariado e se elaborará e editarán os resultados recollidos así como o plan de acción.

-Para a divulgación da terceira fase do programa –proxectos de custodia nas bacías do Lérez, Ulla e Umia– deseñaranse materiais específicos (trípticos, cartaces, paneis interpretativos, etc) para cada un deles, onde se explicarán as diferentes actividades de mellora do ecosistema fluvial e posta en valor do patrimonio etnográfico que se acometan en cada proxecto de custodia fluvial.

-Editarase unha publicación que recolla todas as actividades de custodia realizadas nas bacías do Lérez, Ulla e Umia.



resultados e do plan de acción																			
--------------------------------	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--

TERCEIRA FASE						
accións	meses					
	1	2	3	4	5	6
Divulgación do plano de acción						
Charlas informativas sobre custodia do territorio						
Contacto con entidades e persoas custodiantes						
Desenvolvemento de actividades de mellora do ecosistema fluvial e de posta en valor do patrimonio etnográfico						
Boletín bacía						
Presentación dos resultados das actuacións						
Avaliación final						

CUARTA FASE																			
accións	meses																		
	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	
Divulgación xeral do proxecto																			

VIII. AVALIACIÓN

Coa finalidade de comprobar se acadamos os obxectivos previstos deseñouse unha avaliación que analice tanto os resultados nas tarefas de conservación, como aquelas outras referidas ao voluntariado ambiental. A avaliación retroalimentará o proxecto e axudaranos a mellorar os diferentes aspectos tratados no mesmo.

A avaliación será un elemento chave para o funcionamento do proxecto, xa que esta axudará a mellorar e reforzar o programa de xeito continua así como incorporar novos criterios de actuación, programas, actividades, etc.

A avaliación será inicial, continua e final, e se desenvolverá:

1º- antes da posta en marcha do programa (avaliación previa).

2º-durante o desenvolvemento do programa (avaliación continua)

3º-Ao final do proxecto, (avaliación final).



Exponse a continuación o proceso polo que se desenvolverá a avaliación en cada unha destas fases.

1º-Avaliación previa: O equipo da entidade promotora realizará antes do inicio do programa unha análise dos programas e actividades de interpretación, educación ambiental e custodia do territorio desenvolvidos ata o momento sobre esta temática nos ríos Lérez, Umia e Ulla.

Mecanismo de retroalimentación: valorarase a necesidade de ampliar o programa deseñado, en función das conclusións as que se chegou tras facer esta primeira fase avaliadora.

2º-Avaliación durante o desenvolvemento do programa: se avaliarán todas e cada unha das actividades:

-polos/as participantes, a través de metodoloxías diversas, adaptadas a cada situación e grupo: respostas de cuestionarios, buzón de suxerencias, de forma oral, etc., avaliando os/as técnicos/as, programas, recursos, etc

-polos técnicos/as: avaliación dos aspectos positivos e negativos da participación dos socios do proxecto, dos recursos empregados, reflexión inmediata sobre as posibilidades de mellora da actividade, etc.

Mecanismo de retroalimentación: durante o desenvolvemento das actividades de voluntariado ambiental se avaliarán diferentes aspectos (metodoloxía, materiais, etc.) que axudarán a alcanzar os obxectivos marcados.

3º-Avaliación final: despois do proxecto realizarase unha avaliación profunda do programa de actividades realizadas. Esta avaliación se realizará da seguinte maneira:

- Se valorará o programa no seu conxunto, as actividades, os recursos utilizados, a equipa de traballo, etc.
- Se establecerá en qué grado foron conseguidos os obxectivos plantexados.
- Se fará unha análise por áreas de traballo.
- Se establecerán cales foron os aspectos máis positivos e os máis negativos.
- Se valorará tamén a implicación das entidades promotoras e as asociacións e colectivos participantes nas diferentes experiencias.

Mecanismo de retroalimentación: integrando todo o anterior, se propoñerán novos programas de voluntariado fluvial. Elaborarase conxuntamente por toda a equipa un informe de avaliación, que se entregará aos representantes da entidade financiante.



INDICADORES DE SEGUIMIENTO

Indicadores cuantitativos

- Incorporacións ás redes de custodia creadas por bacías: Nº de grupos de voluntarios formados, asociacións socias participantes, concellos socios do proxecto.
- Nº de voluntarios/as participantes nas saídas de inspección de río e actividades programadas.
- Nº de saídas de inspección de río realizadas.
- Nº asistentes nas charlas – debate nas asociacións socias do proxecto.
- Nº de notas de prensa publicadas.
- Km de río inspeccionados.
- Nº de liñas de acción propostas para os programas futuros de conservación e restauración e mellora dos tramos dos ríos Lérez, Ulla e Umia.
- Kg. de residuos retirados.
- Número de concellos implicados.

Indicadores cualitativos

- Implicación do voluntariado na defensa do medio ambiente.
- Implicación dos concellos no programa.
- Implicación do voluntariado no programa.
- Implicación das entidades socias do proxecto.
- Grado de satisfacción do voluntariado participante no programa.
- Participación e implicación da poboación local na diagnose dos ecosistemas fluviais.
- Estado de saúde dos treitos inspeccionados.
- Estado do bosque de ribeira dos treitos inspeccionados.
- Presenza de especies alóctonas.